



**CONVENIO ESPECÍFICO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO
E O CONCELLO DE VIGO PARA A COLABORACIÓN NA
RECUVI (REDE CULTURAL UNIVER-CIDADE DE VIGO)**

Vigo, 18 de maio de 2011

REUNIDOS



Dunha parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 90/2010, do 10 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 114, do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo.



E doutra, D. Santiago Domínguez Olveira na súa calidade de Tenente de Alcalde e Concelleiro de Comercio e Industria do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.


Ambas as partes reconécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN


I.- Que ambas as dúas entidades asinaron un Convenio Marco de Colaboración o un de marzo de 1996 a fin de promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento científico, social, cultural e

deportivo, procurando sempre unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da sociedade galega en xeral e viguesa en particular.

II.- Que a Universidade de Vigo pretende poñer a disposición da cidadanía de Vigo todo o seu potencial en transferencia de coñecemento científico, tecnolóxico e cultural, e asemade amosarlle á cidade as súas creacións artísticas, os seus proxectos novidosos e a súa produción cultural. Esta intención obedece ao obxectivo estratéxico de se mergullar na cidade, fundamentalmente nos barrios e nas parroquias, de estreitar lazos de colaboración sociocultural e de alicerzar e incrementar a presenza social da nosa universidade na nosa sociedade



III.- Que ao abeiro do estipulado no Convenio Marco, este Convenio Específico concrétase para o nacemento da REDE CULTURAL UNIVER-CIDADE DE VIGO (RECUVI). Para este fin, a Cidade de Vigo establecerá unha rede de nódulos con persoas responsables en todas as asociacións veciñais, culturais, recreativas e deportivas da cidade, co obxecto de que o fluxo de formación e información sexa continuo e recíproco, que a cidadanía demande da Universidade e que esta responda ás demandas cidadás e motive outras dinámicas de intercambio de coñecemento.




IV.- A colaboración para este Convenio Específico concrétase por unha banda en que a Universidade de Vigo pon á disposición da RECUVI as seguintes actividades:


- a) Ciclos de conferencias sobre calquera tema: reciclaxe, ecoloxía, termalismo, aforro enerxético, contaminación, paisaxismo, ruídos, domótica, robótica, antenas, medio mariño, sociolingüística, augas, historia local, prehistoria, literatura, toponimia, antenas, repoboación forestal, etc, etc.
- b) Producións audiovisuais realizadas pola UVigo: vídeos, vídeos en 3D, documentais científicos etc.
- c) Exposicións fotográficas, artísticas, bibliográficas, etc.
- d) Presentacións de libros e novidades literarias.
- e) Demostracións tecnolóxicas de equipos de investigación: robótica, domótica, telecomunicacións, etc.
- f) Actuacións dramáticas ou musicais realizadas polo persoal da UVigo: teatro, música coral, rock, folk, etc.
- g) Outras a proposta da RECUVI ás que UVigo poida dar resposta.

V.- Pola súa banda, o Concello de Vigo, por medio da súa Concellaría de Cultura:

- a) Ofreceralle á Universidade de Vigo unha rede de persoas responsables (unha por asociación adherida e coordinadas desde a Concellaría de Cultura) que elaborarán suxestións ou pedimentos de actuacións, exposicións, proxeccións ou conferencias e se encargarán da realización de cada evento na súa asociación.
- b) Solicitará a colaboración da Universidade de Vigo para a súa propia programación ou para as programacións das asociacións cidadás: roteiros, obradoiros, ciclos de conferencias etc.
- c) Solicitará a colaboración do SIOPE (Servizo de Información, Orientación e Promoción para o Estudante) da Universidade de Vigo para atopar as persoas idóneas para formar e informar sobre os máis diversos temas nas asociacións que os demanden.
- d) Ofreceralle á Universidade de Vigo locais acondicionados para levar a cabo as actividades da RECUVI.
- e) Publicitará adecuadamente o calendario de actividades e cada unha das actividades.



VI.- Toda esta actividade formará parte dunha programación socio-cultural conxunta entre a Universidade e a Cidade e terán lugar normalmente en instalacións municipais (Auditorio Municipal e Casa da Galega da Cultura) e nos auditorios e salóns de actos das diferentes asociacións cidadás.



VII.- Unha comisión mixta Universidade-Concello-Federación “Eduardo Chao” elaborará conxuntamente o calendario de actividades, exposicións, presentacións, actuacións etc., a pedimento das asociacións e a ofrecemento da universidade.

VIII.- Este Convenio Específico empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura.

IX.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

X.- As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo.

XI.- Os acordos que se reflicten neste convenio terán sempre carácter administrativo e non se derivarán deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral. As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio específico en exemplar duplicado no lugar e data indicado ao comezo.

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO



O Reitor
Salustiano Mato de la Iglesia

POLO CONCELLO DE VIGO

O Tenente-Alcalde
Santiago Domínguez Olveira